



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

A DINAMIZACIÓN COMUNITARIA NA INTERVENCIÓN SOCIAL




- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** FUNDAMENTACIÓN
 - 03.** OBXECTIVOS
 - 04.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 05.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 06.** CALENDARIO
 - 07.** METODOLOXÍA
 - 08.** AVALIACIÓN
 - 09.** DOCENTE



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO




50 horas



Do 3 de marzo ao 30 de abril de 2025



En liña con sesións de videoconferencia



40€ para persoas colexiadas e pre-colexiadas
80€ para persoas non colexiadas



A DINAMIZACIÓN COMUNITARIA NA INTERVENCIÓN SOCIAL

-  50 horas
-  Teleformación
-  3 de marzo ao 30 de abril de 2025
-  Persoas colexiada sou pre-colexiadas **40€** ~~antes 80€~~
Persoas non colexiadas **80€**
-  **Docente:** Alba Moretón - Traballadora Social
-  **Inscripción aberta** ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

FUNDAMENTACIÓN

Buscar o desenvolvemento social é esencial para unha sociedade, de tal maneira que se poida priorizar aos grupos máis vulnerables e desta forma diagnosticar as súas necesidades dentro dunha comunidade.


Según (Ander-Egg, 1994), o Traballo Social ten unha función de concienciación, mobilización e organización do pobo para que nun proceso de formación do autodesenvolvemento, individuos, grupos e comunidades participen activamente na realización dun proxecto político que signifique o tránsito dunha situación de dominación e marxinalidade a outra plena participación do pobo na vida política, económica e social.

O traballador ou traballadora social no eido comunitario busca que a poboación sexa consciente da realidade coas súas necesidades e problemáticas e poida tomar decisións co obxectivo de direccionarse a un posible cambio. De aí a importancia de dotar á profesional de ferramentas, métodos e estratexias.

Durante o programa, abordaranse temas como a historia da intervención social, a súa definición, modelos e tipoloxías de intervención, así como o papel e as áreas de intervención dos servizos sociais. Así mesmo, profundarase na intervención comunitaria e os seus modelos de aplicación, desde os tradicionais ata os máis actuais. Analizarase o proceso de avaliación ante a aplicación da intervención comunitaria, abordarase o diagnóstico no proceso comunitario e exploraranse os elementos que deben terse en conta. Por último, estudarase de que maneira pódese aplicar a intervención comunitaria na sociedade actual


OBJETIVOS

- Adquirir herramientas útiles e precisas para dinamizar de forma eficiente los grupos en los que se realicen funciones de dinamización comunitaria.
- Aportar herramientas e habilidades necesarias para intervenir e abordar temas críticos e complejos.
- Aplicar la intervención comunitaria de forma efectiva en contextos sociales.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1. A INTERVENCIÓN SOCIAL COMUNITARIA. CONTEXTUALIZACIÓN.

MÓDULO 2. O PROCESO DE INTERVENCIÓN SOCIAL COMUNITARIA. O DIAGNÓSTICO E A AVALIACIÓN NO PROCESO COMUNITARIO.

MÓDULO 3. ELABORACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE PROXECTOS DE DINAMIZACIÓN COMUNITARIA.

MÓDULO 4. A PERSOA DINAMIZADORA. FUNCÍONS, TAREFAS E COMPETENCIAS.

MÓDULO 5. “CAIXA DE FERRAMENTAS”. A METODOLOXÍA APRENDIZAXE E SERVIZO (APS).

O curso desenvolverase en formato de teleformación e contará con 1 sesión online en directo:

MÓDULOS

MÓDULO 1

MÓDULO 2

MÓDULO 3

MÓDULO 4

MÓDULO 5

DATAS


Do 3 ao 11 de marzo

Do 12 ao 20 de marzo

Do 21 ao 1 de abril

Do 2 ao 10 de abril

Do 11 ao 23 de abril



SESIÓN ONLINE: 24 DE ABRIL
DE 17:00-19:00



CALENDARIO

METODOLOXÍA

A metodoloxía da formación implicará un total de 50 horas de forma que cada módulo implique unha adicación de 5 horas repartidas en 5 días.

Ao remate da formación, o alumnado deberá realizar **un breve exercicio práctico** e unha **proba tipo test** sobre os contidos dos diferentes módulos.


O alumnado contará co apoio da **plataforma Moodle**, a través da que se lle facilitará documentación e outros recursos que se estimen adecuados para o mellor aproveitamento da formación.

Fomentárase a participación do alumnado a través dos seguintes recursos:

- Mensaxes privados mediante a plataforma de formación online (Moodle)
- Foro en cada unidade para atender as dúbidas e aclaracións
- Tarefas prácticas propostas e supervisadas pola docente

Entre o material que poderá atopar na plataforma Moodle, adxuntárase un documento chamado “Guía do alumnado” onde constará o horario de titorías telefónicas, así como un correo electrónico onde poderá enviar as súas consultas ou dúbidas.

AVALIACIÓN



Para avaliar a formación teremos en conta diferentes aspectos do alumnado:

- Evolución nos temarios e cumprimento de prazos.
- Papel activo e participativo.
- Desenvolvemento da capacidade analítica e reflexiva.
- Aproximación aos contidos a través de modelos cercanos á realidade profesional.
- Interaccións entre alumnado e tutores/as.

Instrumentos de avaliación:

- **Foro:** Para facilitar ao alumnado a expresión das súas motivacións e expectativas ao comezo do curso e como instrumento complementario á avaliación a través da apertura de debates.
- **Caso práctico:** O obxectivo do caso práctico é avaliar a adquisición de coñecementos na evolución da formación. Ao corrixilo, ofrecerán feedback sobre a puntuación obtida e os erros cometidos.
- **Avaliación final:** Consiste nunha proba tipo test sobre os contidos xerais da formación. O/a titor/a asignará unha puntuación en función dos criterios de avaliación previamente definidos.



A

ALBA

Máis de 1.000 horas de formación complementaria nos ámbitos penitenciario, de adiccions, violencia de xénero, igualdade, saúde mental, integración socio laboral, intervención con persoas privadas de liberdade, acoso escolar, dinamización comunitaria, aprendizaxe-servizo e prevención da violencia xuvenil.

Experiencia profesional en APES Asociación e no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense): Experiencia en deseño, implementación e xustificación de proxectos no ámbito penitenciario. Programa Reincorpora (Itinerarios Personalizados de Integración Sociolaboral), Programa Punto de partida (Itinerarios de acompañamento social para persoas privadas de liberdade), programas de preparación para a vida en liberdade.


Coordinación do programa Incorpora de Fundación La Caixa, levando a cabo tarefas de intermediación laboral con persoas en situación de vulnerabilidade social.

MORETÓN



M





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

